# RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 87/2015

**1.** Vista a necesidade deste Concello de realizar obras de Pavimentación de camiño Aluncia-Vilarchán (Ponte Caldelas).

**2.** De acordo co artigo 121 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, aprobación e replanteo do proxecto técnico que debe conter os documentos aos que fai referencia o artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 e os seus correlativos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro. Con carácter previo á aprobación de todo proxecto de obra pública municipal deberá aportarse informe xustificativo da conformidade do proxecto co planeamento e normativa urbanística do Concello de Ponte Caldelas. Ditos replaneo e informe foron expedidos polo Técnico municipal con data 20 e 21 de novembro de 2014.

**3.** O expediente será obxecto de tramitación ordinaria e adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, ao abeiro do disposto no artigo 171.d. do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

**4.** En data 21.11.14 a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto e solicitada unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra en virtude do Plan Marco, en data 12/12/2014 foi concedida unha axuda por un importe de 62.963,46 € (Ref.: PUSIM/14/00901/ 201400202).

**5.** Constan no expediente orzamentos para a Coordinación de Seguridade e Saúde de 26.02.15 e para a Dirección de Execución Material da Obra de 26.02.15.

**6.** En data 25.02.15 elaboráronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

**7.** Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención así como certificado de Intervención de data 25.02.15, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato.

**Á vista do exposto, RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación das obras descritas da **PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO ALUNCIA-VILARCHÁN (PONTE CALDELAS)**, incluídas no proxecto técnico, aprobado e debidamente replaneado, e cun orzamento de execución por contrata que ascende a contía de **76.185,79 € (IVE INCLUÍDO)**, mediante procedemento negociado.

**Segundo.-** Designar como Director de Obra ao Técnico municipal, D. Antonio Liste Alejandro, como Directora de Execución Material da Obra a Dª Ana Belén Crespo Iribarne e como Coordinador de Seguridade e Saúde a D. Ángel M. Roncero.

**Terceiro.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e o Anexo I de descrición de melloras e valoración.

**Cuarto.-** Aprobar o gasto por importe de 76.185,79 € con cargo á partida 1532/609.00 do vixente orzamento municipal para o ano 2015.

**Quinto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polo procedemento negociado sen publicidade por razón da súa contía, para a contratación da obra da **DE CAMIÑO ALUNCIA-VILARCHÁN (PONTE CALDELAS)**, mediante invitación a catro empresas, de acordo co proxecto técnico e co prego de cláusulas administrativas particulares que se aproban, e que se consideran, ambos, parte integrante do contrato,

fixando o tipo de licitación máximo ascende a **62.963,46 euros máis o IVE** (Total **76.185,79 euros**).

**Sexto**.- Invitar a participar no procedemento negociado ás seguintes empresas:

- Construcciones Caldevergazo, SL
- Construcciones EC Casas, SL
- COVSA – Construcciones, Obras y Viales, SA
- Construcción Taboada e Ramos S.L.

Ponte Caldelas, 27 de febreiro de 2015

O Alcalde, O Secretario,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel